QUEREMOS TREN!

A mocidade galega por unha rede ferroviaria de calidade



bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

GALIZA NOVA

#QueremosTrenGZ

QUEREMOS TREN!

GALIZA NOVA

Por unha rede ferroviaria galega de calidade.

A mocidade galega sufrimos de primeira man a situación que vivimos na Galiza en canto ao déficit, deterioro e abandono de infraestruturas ferroviarias. Esta situación é a consecuencia de decisións arbitrarias e inxustas, adoptadas durante anos polos gobernos español e galego, e ten responsábeis directos tanto no PP coma no PSOE.

O sistema radial actual do tren no noso país foi concibido para comunicarnos con Madrid. Prímase, así, o centralismo e a obsesión por conectar Galiza coa capital española, no canto de garantir uns servizos ferroviarios dignos que conecten os concellos galegos, garantindo unha mobilidade máis eficiente, máis racional, máis útil para as galegas e galegos e máis respectuosa co medio ambiente e coas persoas.

Só así se explica que nestes momentos tardemos máis tempo en percorrer en tren os 132 km que hai de Ferrol a Ribadeo que os 500 km que hai de Ourense a Madrid. Ou que a cidade de Lugo só teña tres servizos de tren con Ourense e dous coa Coruña, carecendo de conexión coas demais cidades galegas, entre outros moitos exemplos que poderíamos pór.

O PP á fronte da Xunta de Galiza avalou e apoiou o proceso de desmantelamento da rede ferroviaria galega, suprimindo servizos e eliminando estacións e apeadeiros, que o goberno español desenvolveu a partir do ano 2012.

As mozas e mozos galegos sufrimos de maneira directa toda esta problemática, con prezos abusivos nos billetes, ausencia de frecuencias acaídas ás nosas necesidades, padecendo viaxes enlatadas, mesmo tendo que viaxar de pé ou sentadas riba das nosas maletas, situacións estas que son realmente abusivas, inxustas e perigosas en caso de accidente. Así é a odisea que cada día milleiros de mozas e mozos galegos atravesamos para desprazarnos aos nosos postos de traballo ou centro de estudos.

Desde Galiza Nova, organización xuvenil do BNG, apostamos por unha mobilidade que responda ás necesidades da mocidade galega, e que contribúa á vertebración e ao desenvolvemento do noso país. Por iso, en relación coa rede ferroviaria galega, **DEMANDAMOS**:

- O estabelecemento de bonificacións nos prezos dos billetes de tren para as mozas e mozos menores de 30 anos.
- Aumento de frecuencias e servizos ferroviarios, especialmente nas conexións cos principais centros de traballo e estudo, de maneira que se eviten as masificacións.
- Que a Xunta de Galiza asuma todas as competencias en materia de ferrocarril interior.
- A creación dunha operadora ferroviaria pública galega “Galtren” que permita deseñar e pór en marcha un servizo de proximidades ferroviarias eficiente, recuperando as liñas abandonadas, mantendo e aumentando liñas, frecuencias e paradas, e creando novos apeadeiros en zonas de crecemento poboacional.
- Que o tren sexa considerado un servizo público básico, universal e economicamente sustentábel.

Contacta con Galiza Nova

GALIZA NOVA

Facebook, Twitter, Instagram: **@galizanova** | E-mail: **nacional@galizanova.gal**